

## **BASES DESFILE E CONCURSO DE ENTROIDO 2025**

Con motivo da celebración do Entroido 2025, o O.A. Terra de Sanxenxo convoca un concurso de disfraces en función das seguintes bases:

1. O **desfile** terá lugar o domingo 9 DE MARZO a partir das 16,00 h co seguinte percorrido: Saída Paseo de Silgar (cruce coa Avd. Rocafort, Punta Vicaño, Avenida de Galicia, rúa Rafael Picó ata recinto do Porto de Portonovo.
2. Establécense as seguintes **modalidades e categorías**:

### **MODALIDADE INFANTIL**

**Categoría: individual ou parella**

**Categoría: grupo**

Os participantes na categoría individual ou parella deberán ser menores de 16 anos ou nados despois do 31 de decembro de 2009.

Na categoría Grupo ao menos a metade mais un dos compoñentes deberán ser menores de 16 anos ou nados despois do 31 de decembro de 2.009.

### **MODALIDADE ADULTOS**

**Categoría: individual ou parella**

**Categoría: grupo ata 20 compoñentes**

**Categoría: grupo de mais de 20 compoñentes**

Os participantes na categoría Individual ou Parella deberán ser maiores de 16 anos ou nados antes do 1 de xaneiro de 2010.

Nas categorías de Grupo ao menos a metade mais un dos compoñentes deberán ser maiores de 16 anos ou nados antes do 1 de xaneiro de 2.010.

### **MODALIDADE FANTASÍA (mais de 20 compoñentes)**

Poderán presentarse a este concurso persoas físicas, persoas xurídicas, asociacións civís debidamente constituídas con carácter previo ou asociacións civís constituídas exclusivamente para participar en concursos e actividades relacionadas coa celebración do Entroido.

3. **A data límite de inscrición é o 6 de marzo de 2025. As inscricións** serán gratuítas e poden realizarse por calquera dos seguintes medios:

- Presencialmente no rexistro do O. A. Terra de Sanxenxo na Casa do Concello (Avda. Madrid, 1 – 36960 Sanxenxo) de luns a venres de 8,30 a 14,00 h.
- Na sede electrónica do O.A. Terra de Sanxenxo (<https://terradesanxenxo.sedelectronica.gal>) ata ás 23,59 h. Para elo será necesario dispoñer de DNI electrónico, certificado electrónico ou sistema de autenticación Cl@ve.

Todas aquelas solicitudes presentadas fóra de prazo non serán tidas en conta.

As persoas xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica en cumprimento do establecido no artigo 14.1.2. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento

Administrativo Común das Administracións Públicas deberán presentar as solicitudes de inscrición a través da Sede electrónica do Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo.

En todo caso para considerarse inscritos deberase ter presentada toda a documentación obrigatoria antes do remate do prazo de inscrición.

### **Documentación a presentar**

Os inscritos que leven carrozas ou vehículos a motor que participen no concurso deberán presentar a seguinte documentación:

- Anexo I debidamente cuberto e asinado.
- Copia do carné de conducir en vigor do condutor
- Seguro obrigatorio do vehículo ou no seu defecto póliza de seguro de responsabilidade civil
- Tarxeta da ITV
- Permiso de circulación.

### **4.- Normas xerais** que deben cumprir os participantes:

- 4.1 Queda prohibida a utilización de calquera clase de lume, xa sexan artefactos pirotécnicos, lanzadores de chamas, etc.
- 4.2 Non se permite a participación de animais vivos.
- 4.3 Todos os participantes formaran parte do desfile pola súa conta e risco, ou en caso de menores de idade baixo a autorización do seu responsable legal. Cada participante farase cargo dos posibles danos que poidan ocasionar a si mesmo ou a terceiras persoas.

5.- Todos os inscritos no concurso están obrigados a participar no **desfile o domingo día 9 de marzo ás 16,00 h** que sairá do Paseo de Silgar (cruce coa Avenida Rocafort).

Os inscritos deberán concentrarse entre ás 14,30 e ás 15,30 h nos seguintes puntos:

- Modalidade Infantil: Rúa Ourense
- Modalidade Adultos e Fantasía: Avd. Rocafort

Neste horario deberán pasar polo mesa de organización sita no local do Club de Xubilados e Pensionistas de Sanxenxo sita na Avenida Rocafort, 12. Sanxenxo.

Aos participantes proporcionaráselle un dorsal que identificará a modalidade e categoría o mesmo día do desfile.

A data do desfile pode verse modificada por causas alleas a organización. Neste caso a organización comunicará a tódolos inscritos a nova data do concurso.

6.- Os **membros do xurado** puntuarán de 1 a 5 puntos os seguintes criterios:

- Orixinalidade do disfrace
- Posta en escena durante o percorrido
- Adrezo

O xurado valorará a todos os participantes durante o percorrido do desfile.

7.- Os **premios** que se outorgan serán os seguintes:

<p><b>MODALIDADE INFANTIL</b></p> <p><b><u>Categoría Individual ou Parella</u></b></p> <p>1º Premio: 150 €</p> <p>2º Premio: 100 €</p> <p>3º Premio: 80 €</p> <p><b><u>Categoría Grupo</u></b></p> <p>1º Premio: 500 €</p> <p>2º Premio: 300 €</p> <p>3º Premio: 200 €</p>	<p><b>MODALIDADE ADULTOS</b></p> <p><b><u>Categoría Individual ou Parella</u></b></p> <p>1º Premio: 300 €</p> <p>2º Premio: 200 €</p> <p>3º Premio: 150 €</p> <p><b><u>Categoría Grupo ata 20 compoñentes</u></b></p> <p>1º Premio: 800 €</p> <p>2º Premio: 400 €</p> <p>3º Premio: 300 €</p>
<p><b>MODALIDADE FANTASÍA</b> (máis de 20 compoñentes)</p> <p>1º Premio: 1.700 €</p> <p>2º Premio: 900 €</p> <p>3º Premio: 600 €</p>	<p><b><u>Categoría Grupo máis de 20 compoñentes</u></b></p> <p>1º Premio: 2.200 €</p> <p>2º Premio: 1.200 €</p> <p>3º Premio: 750 €</p>

Os premiados daranse a coñecer unha vez rematado o desfile. Os premios estarán suxeitos a retención do IRPF, de acordo coa lexislación vixente.

9.- **O pago** dos premios farase ás persoas ou entidades que figuran na inscrición do concurso. No caso de participantes menores de idade o premio farase ás persoas ou entidades que figuran na inscrición do concurso e que representan aos menores. As asociacións civís constituídas para esta actividade en concreto, deberán acreditar a súa formación coa presentación dunha acta na que figuren todos os membros do grupo e onde se decida as persoas sobre as que recae o premio.

10.- **O xurado** e a **organización** resérvanse o dereito de declarar como “deserta” algunha das modalidades ou categorías ou de establecer un único premio se non se acada un mínimo de 6 participantes, ou se non se consideran cun mínimo de “traballo e orixinalidade”.

11.- O O.A. Terra de Sanxenxo resérvase o dereito de fotografar e gravar aos participantes, así como a utilización destas fotografías e vídeos para a promoción do mesmo. Polo tanto, a participación no desfile e concurso supón, por parte dos participantes e dos pais, nais e titores do menor a autorización ao O.A. Terra de Sanxenxo para a utilizar e publicar a imaxe co fin de promoción e publicidade das súas actividades. No caso de non autorizar a utilización da imaxe para os fins anteditos, o interesado deberá facelo constar expresamente e por escrito no momento da inscrición.

12.- A inscrición e participación no **Desfile e Concurso de Entroido 2025** supón a total aceptación das presentes Bases. Para o non establecido nas Bases estará a decisión da organización.

Para máis información poden dirixirse a Concellería de Cultura e Eventos, teléfono: 986.727.936 ou correo electrónico: [culturaterra@sanxenxo.org](mailto:culturaterra@sanxenxo.org)

**ANEXO I: DESFILE E CONCURSO DE ENTROIDO 2025**

Os participantes que levan carrozas ou vehículos a motor que queiran participar no desfile deberán cumprir os seguintes requisitos e presentar a seguinte documentación.

DATOS REPRESENTANTE DO GRUPO PARTICIPANTE			
APELIDOS		NOME	
DATA DE NACEMENTO		DNI	
DOMICILIO		TELÉFONO	
EN REPRESENTACIÓN DO DISFRACE			

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CONDUCTOR			
APELIDOS		NOME	
DATA DE NACEMENTO		DNI	
DOMICILIO		TELÉFONO	
DATOS DO VEHÍCULO			
MODELO		MATRÍCULA	

**DOCUMENTACIÓN QUE DEBEN PRESENTAR NO MOMENTO DA INSCRICIÓN**

- FOTOCOPIA DO PERMISO DE CONDUCIR
- FOTOCOPIA DO PERMISO DE CIRCULACIÓN
- FOTOCOPIA DA TARXETA DA ITV
- FOTOCOPIA DO RECIBO DE PAGO SEGURO OBRIGATORIO
- PÓLIZA DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL (no caso de vehículo a motor que non dispoña de seguro obrigatorio)

**REQUISITOS DOS VEHÍCULOS PARTICIPANTES**

- Os condutores deberán cumprir as normas de comportamento e circulación aplicables aos condutores de vehículos a motor.
- As carrozas, carruaxes, remolques e semirremolques que vaian arrastrados por vehículos a motor deberán en todo caso, ir provistos de rodas pneumáticas ou de elasticidade similar que non exerzan sobre o pavimento una presión superior a 9 quilogramos por centímetro cadrado de superficie bruta de apoio.
- Os ornamentos que transporten deberán ir adecuadamente suxeitos, garantindo que non comprometerán a estabilidade do vehículo, caia ou se desprace perigosamente.
- Se o conxunto de vehículo a motor e remolque ou semirremolque superase os valores de masa máxima de conxunto ou peso por eixe máximo permitido, deberá dispoñer da autorización complementaria correspondente.
- Ás carrozas, carruaxes, remolques e semirremolques non se lles exixirá que estean matriculados ou teñan a ITV en vigor.
- Ás carrozas, carruaxes, remolques e semirremolques poderán transportar pasaxeiros, garantindo en todo caso a súa seguridade e unha velocidade máxima de 30 km/h.

**CONSENTIMIENTO E DEBER DE INFORMAR AOS INTERESADOS SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS**

Fun informado de que esta Entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas.

**Información básica sobre protección de datos**

Responsable: O.A. Terra de Sanxenxo

Finalidade: Tramitar procedementos e actuacións administrativas.

Lexitimación: Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade.

Destinatarios: Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos encargados do tratamento dos datos: Non hai previsión de transferencias a terceiros países.

Dereitos: Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.

Información adicional: Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte dirección <https://terradesanxenxo.sedelectronica.gal/privacy>

A sinatura deste documento supón a aceptación das bases e o cumprimento dos requisitos recollidos no Anexo I

, de de 2025

Sinatura do/a representante

Sinatura do/a conductor/a